



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ACTUALIZA E SE COMUNICA O EMPREGO DA LISTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA APROBADO PARA O TRIENIO 2022-2024

ANTECEDENTES

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024 (DOG. Núm. 251, de 31.12.2021)

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de percebe dende embarcación, da confraría de pescadores de Baiona (PE401A 2021/60-5), estableceuse un número máximo de 32 embarcacións con 71 tripulantes habilitados con dereito a cota.

2. En datas 19 e 20 de outubro houbo 4 solicitudes de renuncia a unha (1) cota de percebe por embarcación, polo que o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 32 embarcacións e 67 habilitacións.

3. O 31 de outubro de 2023 (Rexistro de entrada nº 2023/2921229) a entidade presentou solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o número máximo previsto no plan.

4. Mediante resolución do 14 de decembro de 2023 o Departamento Territorial da Consellería do mar en Vigo abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe dende embarcación, da Confraría de pescadores de Baiona.

5. Mediante resolución do 12 de xaneiro de 2024 o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicou a lista provisional de puntuacións con catro (4) embarcacións admitidas e ningunha excluída do proceso. Nesta resolución outorgouse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

6. En data do 18 de xaneiro de 2024 as catro (4) persoas armadoras interesadas presentan escritos onde indican que só queren unha praza de percebe e que non realizarán alegacións á lista provisional.

7. Mediante Resolución do 22 de xaneiro de 2024 o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo publicouse a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe dende embarcación da confraría de pescadores de Baiona, coas puntuacións obtidas para cada unha das embarcacións admitidas.

8. Mediante Resolución do 23 de xaneiro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo publicouse o emprego da lista aberta, comunicando ás persoas

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





armadoras das embarcacións incluídas na lista as catro (4) cotas vacantes no plan de xestión e ofertándoas de acordo coa táboa publicada. No prazo establecido, as persoas armadoras presentaron a documentación necesaria e foron adxudicadas as catro (4) cotas, unha (1) por cada embarcación, e polo tanto acadouse o número máximo establecido no plan, de 71 tripulantes habilitados con dereito a cota.

8. En data 23 de maio de 2024 foi presentada unha solicitude de renuncia a unha (1) cota de percebe doutra embarcación incluída no plan, polo que o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 32 embarcacións e 70 habilitacións.

9. O 5 de xuño de 2024 a entidade presentou solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura da dita habilitación.

10. O 20.06.2024 o armador da embarcación LUIS VI-6-3086 solicitou a súa inscrición na lista confeccionada para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

11. Mediante Resolución do 19 de xullo de 2024 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe dende embarcación da confraría de pescadores de Baiona, onde se admite a embarcación LUIS VI-6-3086 e a súa puntuación provisional, e se establece un prazo de 15 días para achegar alegacións. Non se presentaron alegacións á puntuación provisional outorgada.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39 a 46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

3. Todas as solicitudes, cos requisitos sinalados nesta resolución, foron valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as





embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. Unha vez admitida a embarcación LUIS VI-6-3086, e antes da oferta da cota vacante, débese actualizar a lista aberta, dado que as catro (4) embarcacións ás que se lles asignaran os puntos correspondentes ao apartado C.1 do baremo xa non constan con este mérito, ao ter recibido un incremento de cota cada unha delas.

5. De acordo co artigo 45 da Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.

As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro, segundo o modelo que figura como anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015, achegando a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

6. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista co obxecto de actualizar os seus méritos.

7. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior e co establecido na base 2.1 do anexo A da Resolución do 26 de setembro de 2023 pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta, esta xefatura territorial

RESOLVE:

- Actualizar a lista aberta (Anexo I)** aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico de percebe dende embarcación, da confraría de pescadores de Baiona, con indicación das puntuacións.
- Comunicar** á persoa armadora da seguinte embarcación, que poderá beneficiarse do incremento **dunha (1)** cota vacante no plan de xestión (de acordo coa orde de prelación establecida no anexo I) e que se indica continuación:

Nº	Embarcación	Matrícula	Folio
1	LUIS	VI-6	3086

- Ofértase** unha (1) cota vacante á embarcación anterior de acordo co indicado na seguinte táboa:

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





Nº	Embarcación	Matrícula	Folio	Nº cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado Conformidade)	Nº cotas ofertadas
	LUÍS	VI-6	3086	1	2	1
1	AVE DEL MAR	VI-5	9779	2	3	0
2	LILIA	VI-6	3124	2	3	0
3	DOKIÑA M	VI-6	3-06	2	3	0
4	GADAMI	VI-6	1-09	2	2	0

4. A **adxudicación** do número de cotas à embarcación dependerá do número de acreditacións solicitadas entre as ofertadas, das persoas que teñan enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Para a comprobación disto a persoa armadora da embarcación seleccionada disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución para presentar a seguinte documentación:

- Escrito debidamente asinado** no que se indique o **tripulante** para o que se lle expedirá, se procede, a correspondente habilitación de percebe.
- Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela.
- Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Polo tanto, esta documentación deberá presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (PR004A). Para a dita presentación será necesario do Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIE) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo no taboleiro de anuncios xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da Confraría de Pescadores.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que no esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



ANEXO I CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA

LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha só cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
LUIS	VI-6	3086	5	0	0	5,00
AVE DEL MAR	VI-5	9779	0	0,60	2	2,60
LILIA	VI-6	3124	0	0,40	1	1,40
DOKIÑA M	VI-6	3-06	0	0,20	1	1,20
GADAMI	VI-6	1-09	0	0	0	0,00

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo que se aproba o baremo para accede ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos par o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan e xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

Total: puntos acadados en total.

C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.

C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación. Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeiro (con habilitación) en embarcacións que contan coa modalidade. nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

C.3 Habitualidade da actividade pesqueira.

– Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

–Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

– Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

